

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 26.09.2019

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D^a Raquel Caruncho Corral

D. José Simoes Couceiro

D^a Yolanda Vázquez Busto

D^a Ángela Piñeiro Carrera

D. Daniel Ríos Fernández

D. Joshua Dopico López

D^a. Manuela García Fachal

D^a Alejandra Bellón Tenreiro

D. Andrés Pérez Pérez

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro

D. Luis Pena Mosquera

D^a Rocío Souto Torre

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e tres minutos do día vinte e seis de setembro de dous mil dezanove, xúntanse en sesión ordinaria organizativa do Pleno, primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

Non asiste:

A Secretaria:

Dna. Marta Cajide Barbeito.

A Interventora:

Dna. Lucía Varela Martínez.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.

- SESIÓN ORDINARIA DE 24.07.2019.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que de seguido se transcribe:

"PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- SESIÓN ORDINARIA DE 24.07.2019

(Expediente TEdC: 2019/G006/000132)



Recibida polos/as membros do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente a sesión:

- ordinaria do 24.07.2019.

Sometese a adopción a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente a sesión:

- ordinaria do 24.07.2019

SEGUNDO. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto nos arts.113.1.f) e 202 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Rexime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Documento asinado dixitalmente por D. José Simoes Couceiro, Alcalde en funcións (Delegación conferida por Decreto 566.2019 de 13 de setembro), en Pontedeume a 23 de setembro de 2019.”

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro toma a palabra indicando que quere facer constar que na acta do Pleno anterior, a súa resposta á pregunta número un, relativa á ubicación da nova Escola Infantil, cuxo contido se transcribe:

“1.-Cal é a valoración dos técnicos do concello sobre a ubicación da nova Escola Infantil ? Cal é a valoración dos técnicos/persoal do concello sobre os posibles problemas de acceso á EIM cos coches particulares? ¿Cal é a valoración dos técnicos/persoal do concello sobre que o proxecto non satisfaga as dimensións mínimas de espazo nas aulas ?

O Alcalde-Presidente responde que a Escola Infantil xa está instalada; é unha construción decidida nunha determinada época; se se edificase na anterior parcela, o Concello tería que poñer uns 250.000,00 Euros, por parte da Intervención Municipal indicouse no seu día que ese compromiso era inasumible; por outro lado, non hai terreo de titularidade municipal para poder ubicar esta actuación nunha parcela propiedade do Concello, e non foi porque non se tratase de buscar outra ubicación; buscamos no PXOM outra posibilidade dunha parcela de uso dotacional e ante a imposibilidade de atopar un terreo, houbo que optar por rehabilitar esta escola xa existente. Di que se o proxecto desta actuación non cumprise, os técnicos da propia Consellería tampouco lle darían a conformidade; eles son os que revisan se cumpre coa normativa e se as aulas cumpren coas dimensións.

O portavoz do BNG indica que é evidente que é unha decisión política sen criterio técnico; as aulas non cumpren as dimensións mínimas da Federación Española de Municipios e Provincias.

O Alcalde-Presidente indica que hai unha normativa autonómica que é a que se ten que cumprir; cando se estaba estudando a posible ubicación, foi a arquitecta municipal a que buscou unha posibilidade, e non se atopou, ou se facía no Chalet Rosa ou se perdía a subvención. Di que non hai terreos en Esteiro para facer a Escola, se vostede plantexa a posibilidade de facelo na Escola Unitaria de Esteiro.

O portavoz do BNG responde que se podería cambiar; dende o ano 2003 o que se defende dende o BNG é que os 600.000,00 Euros se gasten dunha maneira axeitada.

O Alcalde-Presidente explica que unha modificación puntual non se fai nun minuto e a compra dun terreo tampouco e di que se tivo que tomar a decisión no 2015, porque se non se perdía a posibilidade de facer esta actuación; por último, analizar tecnicamente un proxecto non é mirar só a ubicación se non hai que mirar a viabilidade urbanística.”

Foi motivada pola intervención do Sr. Pena en tanto que o portavoz do BNG indicou que había terreos en Esteiro.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

De seguido toma a palabra D. Luis Pena Mosquera, portavoz do BNG, quen di que se a aclaración do Sr. Alcalde consiste en que o portavoz do BNG insinuou que querían facer a actuación na Escola de Nogueirosa, é mentira xa que o que din dende o BNG e así pide que conste en acta, é que a construción da nova Escola Infantil debe ser nova e en terreos públicos, así como que foi unha decisión política o seu emprazamento no Chalet Rosa.

Dna. Rocío Souto Torre, concelleira do BNG indica que os terreos en Esteiro aos que se refería o seu grupo son os reservados no PXOM como dotacionais.

O Sr. Fernández Piñeiro di que dende o BNG non se lle corrixiu en ningún momento cando preguntou se se estaban a referir á escola unitaria.

A Sra. Souto pide ao Alcalde que diga que foi o que se lle trasladou á veciñanza, ao que o Sr. Fernández Piñeiro contestou que se trasladou que o BNG dixo que había terreos en Esteiro.

O Sr. Pena Mosquera intervén para indicar que foi o Sr. Alcalde o único que fixo referencia á Escola de Esteiro e que a proposta do BNG é o cambio de uso dos terreos dotacionais, proposta do 11 de maio que recolle unha escola infantil, nova, en terreos públicos e funcional, dotacional, con calidade (proposta que reparte entre o público asistente á sesión).

De seguido, o Sr. Presidente indica que o proxecto de Escola Infantil foi aprobado polo Pleno do Concello hai dous anos e que a decisión tomouse no 2015, por cuestións económicas e de prazos, xa que se perderían cartos; e antes de ter aprobado o PXOM. No que respecta á proposta que está a facer o BNG, considera que se trata dunha proposta de campaña e dun cambio de opinión, tendo en conta que non se fixo antes. Indica que a actual escola infantil, emprazada no Chalet Rosa no 2003, cando a área de servizos sociais estaba xestionada polo BNG e que as condicións do edificio non cambiaron. Di que o proxecto actual supón a rehabilitación integral do actual edificio e di que non se fai ningún edificio a maiores, se non que se conectan estancias por medio dun corredor. Cualifica como falso o dicir que a comunidade educativa está en contra do proxecto xa que se ten celebrado unha reunión cos pais e nais e ninguén plantexou ningún problema coa escola infantil, como tampouco houbo traslado de ningunha problemática por parte do persoal docente. Conclúe a súa intervención remitíndose á data na que se aprobou o proxecto e na que o BNG non dixo nada, afirmando que non existen problemas de seguridade para cos nenos, facendo referencia tamén á que a súa propia filla vai ir a esa escola, e que o novo proxecto mellorará o existente, dando conta das actuacións recollidas neste.

O Sr. Pena Mosquera di que o o único que falou da escola de esteiro foi o Sr. Alcalde e que a proposta do BNG é a construción dunha escola nova en terreos públicos, con accesos...e uqe en ningún momento dixo que se lle tocara á escola de Nogueirosa.

O Sr. Alcalde fai referencia á diferenza de opinións do BNG en relación ao mandato anterior e pide responsabilidade.



Péchase o debate co Sr. Presidente indicando que a súa proposta da que quere deixar constancia ao respecto do borrador da acta anterior é que a súa resposta deriva de que o portavoz do BNG dixo que había terreos en Esteiro.

Dna. Rocío Souto Torre apunta que sí había terreos en Esteiro, se ben non se podían utilizar sen unha modificación do PXOM, cuxa tramitación o Sr. Alcalde estimou en dous anos.

O Sr. Luis Pena di que quere que conste en acta que en ningún momento dixo que se lle tocara á escola de Nogueirosa e que a proposta do BNG é unha escola infantil en terreos públicos, cos bos accesos e nova.

Concluídas as intervencións, queda **ADOPTADO** por **10 votos a favor** de: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, D. Andrés Pérez Pérez, D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; **2 votos en contra** de D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre; e **1 abstención** de D. José Simoes Couceiro, por non ter estado na sesión cuxo borrador se somete a aprobación, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente a sesión:

- ordinaria do 24.07.2019

SEGUNDO. Ordenar a súa transcrición ao libro de actas de acordo ao disposto nos arts.113.1.f) e 202 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Rexime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O 2020.

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que de seguido se transcribe:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: Ordinaria de data luns 23 de setembro de 2019

EXPDTE: 2019/G012/000012

Sesión nº: 3/2019-2023

2.- DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O 2020.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O 2020.

(Expediente TEdEC: 2019/X999/000339-2019/G006/000124)

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Á vista da necesidade da determinación por acordo plenario das datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o ano 2020, co obxecto da elaboración do calendario laboral.

Tendo en conta que, tradicionalmente, as datas escollidas neste municipio son os días 8 e 10 de setembro, coincidindo coa celebración das "Festas das Peras".

Esta Alcaldía somete á Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO** para o seu **DITAME**:

PRIMEIRO.- Determinar como festas locais para o 2020 as seguintes datas:

- Martes 8 e Xoves 10 de setembro (Festas das Peras).

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellaría de Traballo e Benestar, ao departamento de persoal municipal e á representación sindical do Concello, aos efectos oportunos.

Non obstante, o pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente por D. José Simoes Couceiro, Alcalde en funcións (Delegación conferida por Decreto 566.2019 de 13 de setembro), en Ponte deume, á data sinalada na marxe."

Non habiéndose intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes."

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra o Sr. Portavoz do Grupo Municipal do PP, D. Andrés Pérez Pérez que di que xa se acordou na comisión votar a favor e que polo tanto, non teñen máis que engadir.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE**, dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Determinar como festas locais para o 2020 as seguintes datas:

- Martes 8 e Xoves 10 de setembro (Festas das Peras).



SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellaría de Traballo e Benestar, ao departamento de persoal municipal e á representación sindical do Concello, aos efectos oportunos.

3.- CONTA XERAL DO EXERCIZO 2018.

A Secretaria á proposta da Alcaldía-Presidencia, que de seguido se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

CONTA XERAL DO EXERCIZO 2018

(Expediente TEdC: 2019/X999/000186-2019/G006/000128)

Visto o informe favorable da Comisión Especial de Contas de 14.06.2019 ao expediente comprensivo da Conta Xeral desta entidade correspondente ao exercizo 2018 integrada polos estados e documentos contables da Corporación de acordo co seguinte:

1. BALANCE DE SITUACIÓN: 31.688.719,69 euros (activo e pasivo)

2. RESULTADO ORZAMENTARIO:

| DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS | |
|--|---------------------|
| a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras | 7.350.942,50 |
| a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V) | 6.804.817,27 |
| a.2. Dereitos recoñecidos netos por operacións de capital (Cap. VI e VII) | 546.125,23 |
| b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros | 5.375,33 |
| c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros | 115.170,22 |
| Total dereitos recoñecidos | 7.471.488,05 |
| | |
| a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras | 7.353.769,03 |
| a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV) | 5.798.185,49 |
| a.2. Obrigas recoñecidas netas por por operacións de capital (Cap. VI e VII) | 1.555.583,54 |
| b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros | 3.000 |
| c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros | 0 |
| Total obrigas recoñecidas | 7.356.769,03 |
| RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES | 114.719,02 |
| AXUSTES | |
| (+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais | 80.304,08 |
| (+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio | 755.534,78 |
| (-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio | 357.953,37 |
| RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO | 592.604,51 |

3. REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA:

| | |
|---|--------------|
| 1. Fondos líquidos | 1.188.457,96 |
| 2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d) | 8.642.011,36 |
| 2.a. Do orzamento corrente | 983.875,30 |
| 2.b. De orzamentos pechado | 7.640.417,17 |
| 2.c. De operacións non orzamentarias | 17.718,89 |
| 3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d) | 7.583.217,80 |
| 3.a. Do orzamento corrente | 677.300,42 |
| 3.b. De orzamentos pechados | 6.663.063,57 |

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| | | |
|---|------------|---------------------|
| 3.c. De operacións non orzamentarias | 242.853,81 | |
| 4. Partidas pendentes de aplicación | | -11.101,84 |
| 4.1 Cobros realizados pendentes de aplicación | 149.996,51 | |
| 4.2 Pagos realizados pendentes de aplicación | 138.894,67 | |
| I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL | | 2.236.149,68 |
| II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO | | 727.674,94 |
| III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO | | 181.511,34 |
| IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS | | 1.326.963,40 |

4.- OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA:

| CONCEPTOS | IMPORTES |
|--|-------------------|
| Ingresos liquidados presupuesto 2018 (capítulos 1 a 7) | 7.350.942,50 |
| Créditos liquidados presupuesto 2018 (capítulos 1 a 7) | 7.353.769,03 |
| TOTAL (a - b) | -2.826,53 |
| AXUSTES | |
| 1) Axustes recadación capítulo 1 | 0,00 |
| 2) Axustes recadación capítulo 2 | 3.905,18 |
| 3) Axustes recadación capítulo 3 | -118.805,57 |
| 4) Axuste por gastos pendentes de aplicar a orzamento | 288.898,78 |
| TOTAL CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO | 171.171,86 |

5.- OBXECTIVO REGRA DE GASTO:

O límite da regra de gasto en 2018 sería de 5.068.656,70 euros

| Gasto computable | IMPORTES |
|--|---------------|
| 1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros | 7.353.744,17 |
| 2. Axustes SEC (2018) | -288.898,78 |
| 3. Total empregos non financeiros términos SEC excepto intereses da débeda | 7.064.845,39 |
| 4. Gasto financiado con fondos finalistas (-) | -2.086.382,39 |
| 5. Total Gasto computable Liquidación 2018 | 4.978.463,00 |

Logo de que o expediente fora sometido a información pública polo prazo de 15 días conforme ao establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (RDL 2/2004 de 5 de marzo), publicado no Boletín Oficial da Provincia nº118 de 25.06.2019.

Visto que durante o dito prazo, máis oito días seguintes, non se presentaron reclamacións, conforme se acredita nos documentos que obran no expediente.

Tendo en conta o anterior e considerando a normativa aplicable, esta Alcaldía **PROPÓN** ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: A aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ao exercizo de 2018, así como da documentación complementaria que se xunta ao expediente, considerando que na elaboración, formación e tramitación da conta xeral correspondente ao exercizo 2018 se



observaron as prescricións para este efecto contidas no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL; Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL), en materia de orzamentos; Orde HAP/1781/2013 de 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (en adiante ICAL); as Normas de Valoración desenvolven os Principios Contables e se atopan reguladas na segunda parte do PGCP (Orden EHA/1037/2010, de 13 de abril, pola que se aproba o Plan Xeral de contabilidade Pública).

SEGUNDO: Que unha vez que se aprobe polo Pleno da Corporación, se remita ao Consello de Contas e se rinda ao Tribunal de Cuentas; e, en aplicación do artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, artigo 8.1.e), tamén deberá facerse pública a información relativa ás contas anuais mediante a súa publicación na páxina web ou sede electrónica.

Documento asinado dixitalmente por D. José Simoes Couceiro, Alcalde en funcións (Delegación conferida por Decreto 566.2019 de 13 de setembro), en Pontedeume, a 23 de setembro de 2019.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra o Sr. Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular. D. Andrés Pérez Pérez comeza a súa intervención recoñecendo o traballo do departamento da Intervención Municipal tendo en conta que non teñen persoal suficiente. De seguido, remítese ao contido do informe no que se refire á anomalías en materia de ingresos (taxas, saneamento, anulación de recibos, ocupación de vía pública...); omisión de fiscalización previa en temas de contratación de persoal, obras e servizos... pregunta se se ten feito traballo para depuración de ingresos, tendo en conta os dereitos pendentes de cobro..., así como o traballo para elaboración de ordenanzas pendentes de adaptar á normativa que, a día de hoxe, seguen en pesetas...; pregunta tamén polos distintos borradores de pregos que dende a Alcaldía se dixo que estaban elaborados; fai referencia tamén á recualificación da praza de tesoureiro, aos préstamos, aos reparos da intervención e aos retrasos na área de urbanismo, preguntando pola contratación da nova persoa para o posto de arquitecto/a. Anuncia que, por coherencia, tendo en conta que non teñen feito ningunha alegación, vanse abster.

Dña. Rocío Souto Torre, polo Bloque Nacionalista Galego, di que non teñen nada que engadir.

De seguido toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente que fai referencia ao tempo que se estivo sen a cobertura do posto de Tesoureiro e que de aí deriva a problemática da regularización dos ingresos. Indica que o informe ao que se refire o Sr. Pérez é do mes de decembro, téndose xa a praza reclasificada dende a modificación da rpt e que xa temos unha persoa, habilitada nacional, ocupando o posto, quen se está a poñer ao día e que, polo tanto, pouco a pouco se irán mellorando e regularizando as situacións.

A Sra. Interventora intervéñ para aclarar que o principal dos dereitos pendentes de cobro correspóndense coa concesión de Viaqua, pendente dunha comprobación das contas para compensar, xa que se está pendente de ingresar pero tamén do pagamento.

D. Bernardo Fernández Piñeiro fai referencia á complexidade da situación xa que a última revisión das liquidacións foi do ano 2005-2006, á situación da carencia de medios persoais tanto en tesourería como para a xestión dos expedientes de contratación, sendo necesaria a creación dun departamento propio; di que se vai intentar contratar un arquitecto/a por acumulación de tarefas, tendo en conta a situación de baixa dende hai un par de meses do arquitecto técnico..., para o que se intentará a creación dunha lista de substitucións, ademais da convocatoria da praza de arquitecto/a e auxiliar administrativo de urbanismo.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Sr. Pérez Pérez pide poder ver algún dos borradores dos pregos.

O Sr. Alcalde di que sí, que é un borrador, pendente de supervisar polos técnicos, na Alcaldía.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal e D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e **4 abstencións** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PP (2): D. Andrés Pérez Pérez e D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e do BNG(2): D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO: A aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ao exercizo de 2018, así como da documentación complementaria que se xunta ao expediente, considerando que na elaboración, formación e tramitación da conta xeral correspondente ao exercicio 2018 se observaron as prescricións para este efecto contidas no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL; Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL), en materia de orzamentos; Orde HAP/1781/2013 de 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (en adiante ICAL); as Normas de Valoración desenvolven os Principios Contables e se atopan reguladas na segunda parte do PGCP (Orden EHA/1037/2010, de 13 de abril, pola que se aproba o Plan Xeral de contabilidade Pública).

SEGUNDO: Que unha vez que se aprobe polo Pleno da Corporación, se remita ao Consello de Contas e se rinda ao Tribunal de Cuentas; e, en aplicación do artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, artigo 8.1.e), tamén deberá facerse pública a información relativa ás contas anuais mediante a súa publicación na páxina web ou sede electrónica.

4.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCION MUNICIPAL 128.2019 SOBRE REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO EXERCICIO 2018 E ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS, ASÍ COMO ACORDOS ADOPTADOS CON OMISIÓN DO TRÁMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA.

A Secretaria á proposta da Alcaldía-Presidencia, que de seguido se transcribe:

" PROPOSTA DE ACORDO

DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCION MUNICIPAL 128.2019 SOBRE REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO EXERCICIO 2018 E ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS, ASÍ COMO ACORDOS ADOPTADOS CON OMISIÓN DO TRÁMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA

(Expediente TDeC: 2019/X999/000201-2019/G006/000129)

Logo da toma de razón polas persoas membro da Comisión Especial de contas, en sesión Extraordinaria e Urgente celebrada o día 14.06.2019, do Informe da Intervención Municipal



128/2019 de “Reparos efectuados pola Intervención municipal no exercicio 2018 e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa .da CONTA XERAL 2018.”, e en cumprimento do sinalado no artigo 218 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, co seguinte tenor literal:

“Artículo 218 Informes sobre resolución de discrepancias

1. El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice.

Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.

2. Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.

3. El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación contrarios a los reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación local”.

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta ao Pleno do Informe da Intervención Municipal : 128/2019 de “Reparos efectuados pola Intervención municipal no exercicio 2018 e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa”.

Documento asinado dixitalmente por D. José Simoes Couceiro, Alcalde en funcións (Delegación conferida por Decreto 566.2019 de 13 de setembro), en Pontedeume, a 23 de setembro de 2019.”

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

- ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Dende a Presidencia proponse, para o seu tratamento pola vía de urxencia, dos asuntos seguintes:

- **EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO REF.TC 6. MC 19.**
- **EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO REF.TC 7. MC 20**
- **SOLICITUDE DE APROBACIÓN DE AVOCACIÓN PARCIAL EN EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE DETERMINADAS ACTUACIÓNS INCLUIDAS NO POS ADICIONAL 2018 E NO POS 2019.**

A continuación o Sr Presidente somete a votación a ratificación da urxencia do primeiro dos asuntos, coa conseguinte inclusión na orde do día da sesión para a adopción do respectivo acordo, quedando **RATIFICADA A URXENCIA e A INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA por UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

De seguido, pásase a tratar o asunto:

- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO REF.TC 6. MC 19

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO REF.TC 6. MC 19

(Expediente TEdC: 2019/T002/000019-2019/G006/000138)

Visto o expediente 2019/T002/000019, coa Providencia da Alcaldía para modificar o orzamento do exercicio 2019 mediante a modalidade de transferencia de crédito por importe total de 145.000 euros correspondente á modificación de crédito número 19, modalidade transferencia de crédito número 6.

Considerando o disposto no artigo 180 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 42 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do orzamento, concretamente na base número 12.

Visto o informe favorable da Intervención de referencia 198/2019, asinado dixitalmente o 23 de setembro de 2019.

Considerando a finalidade do presente expediente, que é a de outogar cobertura orzamentaria para atender diversos gastos tendo en conta a execución actual do orzamento e os meses que restan para completar o ano, por importe total de 145.000 euros para atender mantementos de camiños, de xardíns e do alumado público, de recollida de RSU, de reparación da red perimetral do campo de fútbol, así como para atender a adquisición de mobiliario urbano, e instalación de alumado público; financiado con exceso de crédito en gastos de persoal, das prazas vacantes.

E visto que as aplicacións orzamentarias que ceden crédito están en distintas áreas de gasto, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito segundo o seguinte:

| APLICACIÓNS QUE INCREMENTAN CRÉDITO | | APLICACIÓNS QUE CEDEN CRÉDITO | |
|-------------------------------------|--------|-------------------------------|---------|
| 165.22710 | 22.000 | 920.13000 | 100.000 |
| 1621.22799 | 22.000 | 920.12100 | 15.000 |
| 171.22799 | 10.000 | 920.12101 | 15.000 |
| 1532.21000 | 50.000 | 920.13003 | 15.000 |
| 342.61900 | 18.000 | | |
| 150.62500 | 7.000 | | |
| 165.60900 | 16.000 | | |



SEGUNDO.- *Expoñer ao público a modificación de crédito proposta, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.*

TERCEIRO.- *Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar a modificación proposta resumida por capítulos no BOP*

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro en Pontedeume a 25 de setembro de 2019."

A Presidencia abre a quenda para o debate, explicando a motivación do expediente, trasladando, a finais de ano, os fondos das partidas de persoal das prazas que non están cubertas, para facer fronte a outros gastos.

Toma a palabra D. Andrés Pérez Pérez. O portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular anuncia abstención do seu grupo na votación da proposta e fai referencia a que no orzamento municipal non se teñan recollidos os fondos nas distintas partidas e que todos os anos sexa obxecto das mesmas modificacións.

De seguido, D. Luis Pena Mosquera pregunta se unha vez se cambien os fondos de partida se poden volver mover a outras, ao que a Sra. Interventora contesta que non, explicando o procedemento.

Continuando coa súa intervención, o portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego pregunta ao Sr. Alcalde se estas modificacións non supoñen recoñecer a ineficacia do goberno en materia de contratación de persoal; pregunta tamén algún deses gastos non irán para pagar algunhas das obras feitas no periodo de antes das eleccións.

O Sr. Alcalde, sobre a primeira das preguntas realizadas polo portavoz do BNG indica que existe unha limitación para a contratación de persoal imposta polo Ministerio (taxa de reposición) que limita as porcentaxes das prazas a convocar. Sobre a oferta de emprego público, di que ten que estar autorizada polo Ministerio e que tería que ser pola totalidade das prazas vacantes, facendo referencia á situación de traballadores e traballadores municipais que despois de máis de vinte e cinco anos traballando no Concello terían que afrontar un proceso de selección.

O Sr. Pena Mosquera pregunta pola solución a longo prazo.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se está a facer presión dende a FEGAMP e a FEMP para que se modifique a lei e se levante a limitación ás contratacións de persoal, que non ten nin o Estado nin a Xunta. Fai referencia tamén á negociación cos sindicatos. O Sr. Simoes Couceiro indica que algunhas das prazas sacaranse, que se responderá na quenda de preguntas.

Sobre o expediente de transferencia e a súa motivación, o Sr. Alcalde di que se fan para reforzar outras áreas, co sobranse doutras partidas, de prazas sen convocar, o que se ven facendo historicamente, a estas alturas do ano e tendo en conta que cando se elabora o orzamento as partidas de persoal teñen que ter os fondos para as prazas que consten.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal e D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e **4 abstencións** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PP (2): D. Andrés Pérez Pérez e D. Santiago

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

José Rodríguez Piñeiro e do BNG(2): D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito segundo o seguinte:

| APLICACIÓNS QUE INCREMENTAN CRÉDITO | | APLICACIÓNS QUE CEDEN CRÉDITO | |
|-------------------------------------|--------|-------------------------------|---------|
| 165.22710 | 22.000 | 920.13000 | 100.000 |
| 1621.22799 | 22.000 | 920.12100 | 15.000 |
| 171.22799 | 10.000 | 920.12101 | 15.000 |
| 1532.21000 | 50.000 | 920.13003 | 15.000 |
| 342.61900 | 18.000 | | |
| 150.62500 | 7.000 | | |
| 165.60900 | 16.000 | | |

SEGUNDO.- Expoñer ao público a modificación de crédito proposta, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

TERCEIRO.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar a modificación proposta resumida por capítulos no BOP

A continuación, pásase a tratar o segundo dos asuntos:

- **EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO REF.TC 7. MC 20**

O Sr. Presidente xustifica a urxencia na comunicación no día de onte de concesión dunha subvención ao Concello, que foi solicitada no mes de febreiro, pavimentación-mellora dos accesos ao polígono industrial de Vidrieiro, logo de que non fora concedida nunha primeira quenda e se tiña comunicado que o Concello de Ponte deume quedaba en lista de espera. Da conta do importe e obxecto da subvención, 120 mil euros para a realización dunha actuación no polígono de Vidrieiro que ascendería a 150 mil e para o que o Concello ten que poñer o resto. Indica que o prazo para a xustificación da obra remata o 31 de outubro, polo que se ten solicitada, no día de hoxe, unha prórroga para a tramitación do expediente de contratación.

A continuación o Sr Presidente somete a votación a ratificación da urxencia do asunto, para a súa conseguinte inclusión na orde do día da sesión para a adopción do respectivo acordo, , quedando **RATIFICADA A URXENCIA e A INCLUSIÓN DOS ASUNTO NA ORDE DO DÍA por UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

**“PROPOSTA DE ACORDO
EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO REF.TC 7. MC 20**

(Expediente TEdC: 2019/T002/000020-2019/G006/000140)

Visto o expediente 2019/T002/000020, coa Providencia da Alcaldía para modificar o orzamento



do exercicio 2019 mediante a modalidade de transferencia de crédito por importe total de 31.394,96 euros correspondente á modificación de crédito número 20, modalidade transferencia de crédito número 7, a tramitar por urxencia tendo en conta os prazos para a realización e xustificación da obra previstos na orde reguladora delas,

Considerando o disposto no artigo 180 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 42 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do orzamento, concretamente na base número 12,

Visto o informe favorable da Intervención de referencia 201/2019, asinado dixitalmente o 26 de setembro

Considerando a finalidade do presente expediente, que é a de outogar cobertura orzamentaria para atender á achega con recursos propios da obra de "Mellora no pavimento no viario de acceso ao polígono de Vidreiro", unha vez comunicada concesión dunha subvención de 120.000 euros (sobre un orzamento total de 151.394,96 euros)

E visto que as aplicacións orzamentarias que ceden crédito están en distintas áreas de gasto,

PROPOÑO que o Pleno adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito segundo o seguinte:

| APLICACIÓNS QUE INCREMENTAN CRÉDITO | | APLICACIÓNS QUE CEDEN CRÉDITO | |
|-------------------------------------|-----------|-------------------------------|----------|
| 1532.61900 | 31.394,96 | 920.12000 | 10.000 |
| | | 920.12009 | 15.000 |
| | | 920.12001 | 6.394,96 |

SEGUNDO.- Expoñer ao público a modificación de crédito proposta, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

TERCEIRO.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar a modificación proposta resumida por capítulos no BOP

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro en Pontedeume a 26 de setembro de 2019."

A presidencia abre a quenda para o debate.

D. Andrés Pérez Pérez, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular pregunta pola dimensión da actuación.

D. Bernardo Fernández Piñeiro explica que se trata dunha actuación na entrada e en varias rúas. Da conta de actuacións realizadas o ano pasado.

O Sr. Pérez Pérez pregunta polas partidas que ceden crédito, ao que o Sr. Alcalde responde que son as de persoal. Tendo en conta o anterior, o portavoz do Grupo Municipal do PP anuncia a abstención do seu grupo, considerando que a obra tense que facer.

D. Luis Pena Mosquera, portavoz do Grupo Municipal do BNG di que o que non se gasta en persoal gástase en aglomerar. Anuncia a abstención do seu grupo.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal e D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e **4 abstencións** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PP (2): D. Andrés Pérez Pérez e D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e do BNG(2): D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito segundo o seguinte:

| APLICACIÓNS QUE INCREMENTAN CRÉDITO | | APLICACIÓNS QUE CEDEN CRÉDITO | |
|-------------------------------------|-----------|-------------------------------|----------|
| 1532.61900 | 31.394,96 | 920.12000 | 10.000 |
| | | 920.12009 | 15.000 |
| | | 920.12001 | 6.394,96 |

SEGUNDO.- Expoñer ao público a modificación de crédito proposta, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

TERCEIRO.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar a modificación proposta resumida por capítulos no BOP

A continuación, pásase a tratar o terceiro dos asuntos:

- SOLICITUDE DE APROBACIÓN DE AVOCACIÓN PARCIAL EN EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE DETERMINADAS ACTUACIÓNS INCLuíDAS NO POS ADICIONAL 2018 E NO POS 2019.

A continuación o Sr Presidente somete a votación a ratificación da urxencia do asunto, para a súa conseguinte inclusión na orde do día da sesión para a adopción do respectivo acordo, quedando **RATIFICADA A URXENCIA e A INCLUSIÓN DOS ASUNTO NA ORDE DO DÍA por UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

“EXPEDIENTE 2019/G006/000139.

PROPOSTA DE ACORDO

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA DE APROBACIÓN DE AVOCACIÓN PARCIAL DA DELEGACIÓN EFECTUADA ACTUACIÓNS POS ADICIONAL 2018 E POS 2019 E QUE SE PROCEDA A TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE DETERMINADAS ACTUACIÓNS.

Por parte do Concello de Ponte deume aprobaronse determinadas actuacións, que están incluídas no Pos Adicional 2018 e no Pos 2019:



| <u>OBRA / PROXECTO</u> | <u>ORZAMENTO TOTAL (ive incluído)</u> | <u>PLENO / RESOLUCIÓN ALCALDÍA</u> |
|---|---------------------------------------|---|
| <i>Pavimentación Camiño Vello (POS+ Adicional 2018)</i> | 49.439,16 € | <i>Aprobación proxecto Pleno extraordinario e urxente do 19.12.2017. Decreto 358/2018 do 13.06.2018 (solicitud de POS+ Adicional 1/2018)</i> |
| <i>Pavimentación de acceso ao Barreiro (POS+ Adicional 2018)</i> | 32.805,27 € | <i>Aprobación proxecto Pleno extraordinario e urxente do 19.12.2017. Decreto 358/2018 do 13.06.2018 (solicitud de POS+ Adicional 1/2018)</i> |
| <i>Mellora de parque infantil en Centroña (Subministro + obra) (POS+ Adicional 2018)</i> | 38.883,02 € | <i>Aprobación proxecto Pleno extraordinario e urxente do 19.12.2017. Decreto 358/2018 do 13.06.2018 (solicitud de POS+ Adicional 1/2018)</i> |
| <i>Mellora da capa de rodadura en Estrada Vella (POS+ 2019)</i> | 76.114,05 € | <i>Sesión extraordinaria e urxente do 18.12.2018</i> |
| <i>Mellora da eficiencia enerxética no Pavillón "A Casqueira" (Subministro) (POS+ 2019)</i> | 20.265,77 € | <i>Sesión extraordinaria e urxente do 18.12.2018</i> |
| <i>Camiño na Herbosa (Boebre) e Camiño na Graña (POS+ 2019)</i> | 51.729,82 € | <i>Sesión extraordinaria e urxente do 18.12.2018</i> |
| <i>Reforma interior e mellora da accesibilidade e Centro social en Vizús</i> | 160.151,34 € | <i>Aprobación proxecto e solicitud subvención nominativa (Decreto 649/2019 do 22.10.2018). Aprobación proxecto modificado Decreto 228/2019 do 17.04.2019)</i> |

Vistas as Bases da Deputación de A Coruña, en concreto Anexo I, relativas á aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, no que solicita da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan de Obras e Servizos.

Visto os acordos plenarios do Concello de Pontedeume de data 19.12.2017 e 18.12.2018, relativos a solicitudes de plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+2019 da Deputación Provincial da Coruña; na parte resolutive destes acordos se solicita

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello de Ponte deume da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan.

Visto o volume das actuacións en materia de expedientes de contratación tanto POS 2018 e POS 2019, coma de servizos que se han de licitar e vista a falta de medios persoais por parte deste Concello para proceder a tramitar os procedementos de contratación, tanto no referente aos Servizos de Secretaría coma dos Servizos Técnicos, xa que na actualidade no Departamento de Secretaría non está cuberta a praza de Técnico/a de Administración Xeral, e en Urbanismo no momento actual só se dispón dunha Arquitecta Municipal.

Visto que en Concellos da contornada, tales como San Sadurniño e Valdoviño, procederonse a adoptar acordos neste mesmo senso.

A fin de dar axilidade á xestión dos expedientes de contratación, considérase procedente dende esta Alcaldía propor ao Pleno solicitar á Deputación da Coruña a avocación parcial da delegación efectuada e que por parte da Deputación se proceda a tramitación dos expedientes de contratación das actuacións indicadas nesta proposta.

Considerando o artigo 36 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no que respecta as competencias propias das Deputacións Provinciais, no referente a que as Deputacións teñen competencias en asistencia aos Municipios.

Considerando o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Atendendo aos antecedentes de feito e fundamentos de dereito, PROPONSE ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Solicitar da Excm. Deputación Provincial de A Coruña, a aprobación da avocación parcial da delegación efectuada no seu momento e que proceda a tramitación dos seguintes expedientes de contratación por procedemento aberto;

ACTUACIÓNS OBXECTO DE APROBACIÓN DE AVOCACIÓN PARCIAL DA DELEGACIÓN:

| <u>ACTUACIÓN</u> | <u>ORZAMENTO TOTAL (ive incluído)</u> | <u>PLENO / RESOLUCIÓN ALCALDÍA</u> |
|---|---------------------------------------|---|
| Pavimentación Camiño Vello (POS+ Adicional 2018) | 49.439,16 € | Aprobación proxecto Pleno extraordinario e urxente do 19.12.2017. Decreto 358/2018 do 13.06.2018 (solicitud de POS+ Adicional 1/2018) |
| Pavimentación de acceso ao Barreiro (POS+ Adicional 2018) | 32.805,27 € | Aprobación proxecto Pleno extraordinario e urxente do 19.12.2017. Decreto 358/2018 do 13.06.2018 (solicitud de POS+ Adicional 1/2018) |



| | | |
|--|--------------|---|
| Mellora de parque infantil en Centroña (Subministro + obra) (POS+ Adicional 2018) | 38.883,02 € | Aprobación proxecto Pleno extraordinario e urxente do 19.12.2017. Decreto 358/2018 do 13.06.2018 (solicitud de POS+ Adicional 1/2018) |
| Mellora da capa de rodadura en Estrada Vella (POS+ 2019) | 76.114,05 € | Sesión extraordinaria e urxente do 18.12.2018 |
| Mellora da eficiencia enerxética no Pavillón "A Casqueira" (Subministro) (POS+ 2019) | 20.265,77 € | Sesión extraordinaria e urxente do 18.12.2018 |
| Camiño na Herbosa (Boebre) e Camiño na Graña (POS+ 2019) | 51.729,82 € | Sesión extraordinaria e urxente do 18.12.2018 |
| Reforma interior e mellora da accesibilidade e Centro social en Vizús | 160.151,34 € | Aprobación proxecto e solicitude de subvención nominativa (Decreto 649/2019 do 22.10.2018). Aprobación proxecto modificado Decreto 228/2019 do 17.04.2019 |

SEGUNDO.- Que tras levar a cabo os procedementos de licitación e adjudicación das actuacións incluídas nesta proposta por parte da Deputación de A Coruña, este Concello conserva as actuacións que comportan a dirección de obra, coordinación da seguridade e saúde, control de calidade, comprobación de replanteo, aprobación de certificacións de obra, pagamento e demais incidencias que poidan xurdir na execución do contrato, así como o relativo aos efectos e extinción do mesmo.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo á Deputación Provincial de A Coruña.

Documento asinado polo Alcalde-Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro, na data de sinatura do mesmo."

A Presidencia abre a quenda para o debate, explica os motivos da tramitación deste expediente, que fundamenta na acumulación de traballo e déficit de persoal municipal dos departamentos municipais, optando así por esta vía na que as actuacións serían licitadas pola deputación, se ben as actuacións en materia de dirección de obra e seguridade e saúde serían asumidas polo Concello.

D. Andrés Pérez Pérez, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular di que, sempre e cando non teña custo para o Concello, parécelle ben; para que así os servizos do concello podan ter unha maior soltura á hora de tocar outros temas; pon como exemplo o tema do arquitecto municipal, que non teñamos a excusa que non se pode facer máis porque está saturado o departamento.

De seguido toma a palabra D. Luis Pena Mosquera. O portavoz do Grupo Municipal do BNG di que a excusa é a de sempre, o volume de traballo, e apunta a incapacidade do Concello, do

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Alcalde-Presidente, de xestionar iso, e decide delegar na Deputación. Indica que o voto do seu grupo será a abstención.

Pecha o debate o Sr. Alcalde. D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non dixo que non foran capaces se non que hai outras que non están neste expediente e que o motivo é non retrasar as actuacións, aproveitando o servizo que presta a Deputación.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE(9): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal e D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e do PP (2): D. Andrés Pérez Pérez e D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e **2 abstencións** das persoas membro do Grupo Municipal do BNG(2): D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Solicitar da Excm. Deputación Provincial de A Coruña, a aprobación da avocación parcial da delegación efectuada no seu momento e que proceda a tramitación dos seguintes expedientes de contratación por procedemento aberto;

ACTUACIÓNS OBXECTO DE APROBACIÓN DE AVOCACIÓN PARCIAL DA DELEGACIÓN:

| ACTUACIÓN | ORZAMENTO TOTAL (ive incluído) | PLENO / RESOLUCIÓN ALCALDÍA |
|---|--------------------------------|--|
| Pavimentación Camiño Vello (POS+ Adicional 2018) | 49.439,16 € | Aprobación proxecto Pleno extraordinario e urxente do 19.12.2017. Decreto 358/2018 do 13.06.2018 (solicitude do POS+ Adicional 1/2018) |
| Pavimentación de acceso ao Barreiro (POS+ Adicional 2018) | 32.805,27 € | Aprobación proxecto Pleno extraordinario e urxente do 19.12.2017. Decreto 358/2018 do 13.06.2018 (solicitude do POS+ Adicional 1/2018) |
| Mellora de parque infantil en Centroña (Subministro + obra) (POS+ Adicional 2018) | 38.883,02 € | Aprobación proxecto Pleno extraordinario e urxente do 19.12.2017. Decreto 358/2018 do 13.06.2018 (solicitude do POS+ Adicional 1/2018) |
| Mellora da capa de rodadura en Estrada Vella (POS+ 2019) | 76.114,05 € | Sesión extraordinaria e urxente do 18.12.2018 |



| | | |
|--|--------------|---|
| Mellora da eficiencia enerxética no Pavillón "A Casqueira" (Subministro) (POS+ 2019) | 20.265,77 € | Sesión extraordinaria e urxente do 18.12.2018 |
| Camiño na Herbosa (Boebre) e Camiño na Graña (POS+ 2019) | 51.729,82 € | Sesión extraordinaria e urxente do 18.12.2018 |
| Reforma interior e mellora da accesibilidade e Centro social en Vizús | 160.151,34 € | Aprobación proxecto e solicitude subvención nominativa (Decreto 649/2019 do 22.10.2018). Aprobación proxecto modificado Decreto 228/2019 do 17.04.2019) |

SEGUNDO.- Que tras levar a cabo os procedementos de licitación e adjudicación das actuacións incluídas nesta proposta por parte da Deputación de A Coruña, este Concello conserva as actuacións que comportan a dirección de obra, coordinación da seguridade e saúde, control de calidade, comprobación de replanteo, aprobación certificacións de obra, pagamento e demais incidencias que poidan xurdir na execución do contrato, así como o relativo aos efectos e extinción do mesmo.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo á Deputación Provincial de A Coruña.

5.- DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE FACENDA. (EXECUCIÓN DO 1º E 2º TRIMESTRE DE 2019).

A Secretaria da lectura ás proposta da Alcaldía-Presidencia, que de seguido se transcriben:

"DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE FACENDA. (EXECUCIÓN DO 1º TRIMESTRE DE 2019).

A Sra. Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 1º TRIMESTRE DE 2019)

(Expediente TEdC: 2019/G006/000133)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 103/2019, de asunto: "Comunicación da remisión de información trimestral ao Ministerio de Hacienda", correspondente ao 1º Trimestre de 2019

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde en funcións, D. José Simoes Couceiro (Delegación conferida por Decreto 566.2019 de 13 de setembro), en Ponte deume a 23 de setembro de 2019. "

"DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE FACENDA. (EXECUCIÓN DO 2º TRIMESTRE DE 2019).

A Sra. Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 2º TRIMESTRE DE 2019)

(Expediente TEDeC: 2019/G006/000134)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 180/2019, de asunto: "Comunicación da remisión de información trimestral ao Ministerio de Hacienda", correspondente ao 2º Trimestre de 2019 "

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde en funcións, D. José Simoes Couceiro (Delegación conferida por Decreto 566.2019 de 13 de setembro), en Ponte deume a 23 de setembro de 2019.

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

Consta presentada unha moción pola vía de urxencia por parte do Grupo Municipal do BNG, relativa a **"PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA"**

Ademais, dende o Grupo Municipal do PSOE, téñense presentado dúas mociós:

- **"SOBRE A VIOLENCIA MACHISTA".**



- **“SOBRE A TRANSICIÓN ENERXÉTICA”.**

A Presidencia outorga a palabra ao portavoz do Grupo Municipal do BNG, quen da lectura ao texto da moción, que de seguido se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de marzo de 2019 o feminismo galego volveu facer historia cunha folga e unha serie de mobilizacións previas que superaron a asistencia e expectativas xeradas após a tamén histórica xornada do 8 de marzo de 2018. Porén, é preciso tomar conciencia da necesidade de incrementar os esforzos a realizar.

Recentemente Galiza, e tamén outros pobos do Estado español, volvían vivir asasinatos machistas que fixeron saltar a alarma social sen merecer comparencias específicas dos gobernos como si o fixeron outros asuntos.

No mes de xullo, galegas e galegos volvíamos saír ás rúas para condenar un novo feminicidio en Galiza, no concello de Vilalba. Cómpre recordar tamén que este último asasinato tiña lugar despois de que unha orde de afastamento fora quebrantada, o que nos recorda a necesidade imperiosa de mellorar os mecanismos de protección existentes e de mellorar e aumentar os recursos existentes.

Son moitos os sinais de alerta dunha situación insoportábel e que non se arranxa con medidas cosméticas como posicionamentos puntuais nas efemérides ou xestos exclusivamente simbólicos e baleiros de contido e compromiso. As administracións teñen unha responsabilidade que debe cumprirse, corrixi-lo que non funciona e incrementar as actuacións.

Acordo

- 1. Expresar o recoñecemento da Corporación ás mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego.*
- 2. Comprometerse a incrementar os recursos económicos destinados á prevención e loita contra a violencia machista no vindeiro exercicio económico.*
- 3. Comprometerse a crear un punto de asesoramento municipal gratuíto (1 hora semanal) para o asesoramento, prevención e loitan contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul)”**

De seguido, sométese a votación a **URXENCIA**, quedando **RATIFICADA** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes a **URXENCIA, COA INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA DA SESIÓN.**

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra o portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular. D. Andrés Pérez Pérez di que están de acordo co texto da moción e que, tendo en conta que hai presentada unha moción do PSOE sobre o mesmo, propón que, tal e como se fixo na Deputación hai uns días, se chegue a un texto de consenso.

D. Luis Pena Mosquera, portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego di que non ten problema en apoiar un texto conxunto e pide que recolla o terceiro punto como punto de acción.

O Sr. Simoes Couceiro, portavoz do Grupo Municipal do PSOE di que xa se da asesoramento no departamento de Servizos Sociais a calquera persoa e en calquera momento.

Dende o Grupo do BNG indícase que o que se pide un punto concreto, exclusivo para o asunto.

Toma a palabra Dna. Raquel Caruncho Corral, concelleira de Servizos Sociais quen indica que no departamento de servizos sociais dáse atención gratuíta e continua, todos os días co persoal municipal existente (traballadora social, técnica de igualdade, psicóloga..) e que se leva dando o servizo dende moitos anos, a este tipo de casos. Entende que a moción do BNG

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

refírese a dar un servizo con persoal concreto, cualificado e considera que a moción do seu grupo abarca moito máis.

O Sr. Alcalde Presidente pregunta polo obxecto do que se solicita na moción do BNG: crear un punto ou prestar o servizo, nunha sala concreta...; xa que o servizo, tal e como se indicou, xa se está a prestar polo persoal de servizos sociais nomeado anteriormente.

Dna. Rocío Souto Torre di que xa houbo un punto de atención xurídica á muller, que se podería recuperar: atención xurídica e específica.

O Sr. Fernández Piñeiro di que o da atención xurídica non hai problema, que están dacordo e indica que ía no seu programa electoral. Di que o único que habería que engadir o tema do asesoramento xurídico.

D. José Simoes Couceiro propón facer un manifesto conxunto.

O Sr. Pena Mosquera di estar dacordo nun texto conxunto que recolla medidas concretas.

O Sr. Presidente propón asumir a moción do PSOE, o seguinte:

"2.- Implementar dende o Concello novas medidas nos vindeiros anos así como a poñer en andamento novos programas que impulsen a igualdade de xénero , así coma a prevención e concienciación sobre esta lacra e que loiten contra a violencia machista.", que quedaría redactado co segue:

"2.-Implementar dende o Concello novas medidas, así como a poñer en andamento novos programas que impulsen a igualdade de xénero, así coma a prevención e concienciación sobre esta lacra e que loiten contra a violencia machista; establecendo un servizo de asistencia xurídica por parte dos servizos sociais municipais."

Queda, por tanto, coa conformidade de todos os grupos, a seguinte **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**

"O verán de 2019 vai ser recordado como un verán negro. No pasado mes de xullo asasinaron unha muller cada dous días. Aos asasinatos temos de sumarlle unha longa listaxe de acontecementos, tamén recentes, que non son algo excepcional. Todo isto obríganos a facer unha aposta por achegar máis medidas que axuden a unha transformación social urxente, que debiliten a cultura patriarcal que violenta e asasina a moitas mulleres

Son moitos os sinais de alerta, lembremos, por exemplo, o caso de novos concursos sexistas que tiveron que ser cancelados pola presión social, denuncias de agresións sexistas e verbais nas festas e festivais, acosos e agresións en manada, puntos de encontro con condicións e horarios inadecuados, cando non pechados no mes de agosto, temas de trata ou casos de pederastia fan que o a situación que estamos a vivir sexa, xa non de alerta, senón de #EmerxenciaFeminista

Non podemos seguir normalizando a situación, son moitos os sinais de que vivimos unha situación insoportábel e por isto desde as institucións públicas debemos actuar corrixindo o que non funciona, incrementando actuacións e sobre todo coordinando medidas, recursos e accións tantos con outras administracións como cos colectivos e entidades que levan anos



traballando por desterrar comportamentos machistas da sociedade. Este traballo non pode parar en ningún momento, non pode ser simbólico nin puntual

Por todo isto, propoñemos a adopción dos seguintes **acordos**:

1.- Expresar o apoio da Corporación ás mobilizacións que son convocadas polos movementos feministas no noso país.

2.- Implementar dende o Concello novas medidas, así como a poñer en andamento novos programas que impulsen a igualdade de xénero, así coma a prevención e concienciación sobre esta lacra e que loiten contra a violencia machista; establecendo un servizo de asistencia xurídica por parte dos servizos sociais municipais.

3.- Solicitar do Goberno Galego un incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia machista no vindeiro exercicio orzamentario, así como a aprobación de partidas económicas para dotar de máis persoal especializado en violencia de xénero os medios que existen e que fagan posíbel unha maior cobertura nunha parte importante do territorio que hoxe carece deses recursos.

4.- Demandar do goberno do Estado un incremento das contías económicas destinadas á administración local no Pacto de Estado para os vindeiros exercicios orzamentarios procurando que estes recursos sexan distribuídos tendo en conta as especificidades do territorio ao que van destinadas.”

De seguido, pásase a tratar a moción do PSOE relativa á **“TRANSICIÓN ENERXÉTICA”**, que de seguido se transcribe:

“Exposición de motivos

No proceso iniciado por Europa para a prevención e control da contaminación, o 24 de novembro do ano 2010, publícase no Diario Oficial da Unión Europea a Directiva 2010/75/UE, sobre as emisións industriais (en adiante, DEI), na que se establecen os criterios sobre os que deben asentarse todas as industrias emisoras de gases de efecto invernadoiro.

Diante dese contexto normativo adóptanse dúas posición diferentes por parte das empresas titulares das centrais térmicas de Meirama e As Pontes:

Por unha banda, NATURGY, propietaria da central térmica de Meirama, opta polo peche, o que anuncia en xaneiro deste ano.

Pola outra, ENEL, titular da central térmica de As Pontes, informa en marzo de 2018 da súa decisión de manter a actividade na dita central mais aló de 2020, e fai saber a súa intención de adaptar a Unidade de Producción Térmica (en adiante UPT) de As Pontes á DEI, garantindo así, cun investimento de 220M€, a continuidade dun complexo que leva máis de 40 anos sendo un dos motores económicos máis importantes de Galicia, mantendo centos de postos de traballo directos e indirectos, e actuando como un dos piares fundamentais do progreso socioeconómico da contorna.

O prezo dos dereitos de emisión de CO2 que se establecen na DEI, son regulados nun mercado de negociación que nace do primeiro réxime de comercialización de dereitos de emisións do mundo, posto en marcha pola Comisión Europea, no ano 2005. Un mercado aberto que permite e facilita a especulación, o que supuxo que durante o último ano, o valor da tonelada de CO2 se triplicase, anulando deste xeito a competitividade das centrais térmicas nacionais, deixandoas fora do pool eléctrico peninsular.

Esta situación reverte as expectativas xeradas pola inversión que se está a realizar nas UPT adaptadas a DEI, que as ía permitir operar ata o ano 2045, creando unha situación de incerteza sobre a viabilidade e o futuro destas instalacións a curto e medio prazo.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Polo exposto, e tendo en conta o importante número de veciños e veciñas da nosa Vila que traballan neste sector, o grupo municipal socialista no Concello de Pontedeume solicita ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Requirir da Xunta de Galicia a adopción dos mecanismos precisos para apoiar e facilitar a transición da central Térmica de As Pontes, coa finalidade de que a mesma cumpra cos requisitos necesarios para formar parte do circuíto de economía circular, a través do cambio de combustibles fósiles, por calquera tipo de materiais de residuo (dende biomasa forestal, lodos, etc.), compensando deste xeito as emisións de CO2.

2. Requirir á Xunta de Galicia para que, seguindo o modelo de actuación, por exemplo, da Comunidade Autónoma de Aragón para as comarcas mineiras, elabore e dote economicamente un plan para a reactivación económica e social de Cerceda que minimize o impacto do peche da central térmica decidido por NATURGY e impulse e xenere un entorno favorable para novos investimentos.

3. Solicitar ó Goberno do Estado a retirada, de xeito transitorio, do imposto de hidrocarburos á produción eléctrica ("céntimo verde") respecto da xeración de carbón, para garantir por esta vía a neutralidade tecnolóxica.

4. Solicitar ó Goberno do Estado a creación dunha mesa de traballo para o estudo de mecanismos de compensación de pagos por capacidade pola dispoñibilidade para cubrir a demanda nas horas de maior consumo do sistema eléctrico.

5. Solicitar á Unión Europea que adopte cantas medidas sexan precisas para evitar especulacións no mercado de emisións de CO2 por parte de inversores alleos á produción enerxética.

6. Solicitar á Unión Europea que adopte as medidas necesarias para que as centrais térmicas que, como a de As Pontes, cumpren coa normativa medioambiental mais esixente, poidan continuar coa produción de enerxía eléctrica."

D. Bernardo Fernández Piñeiro da conta do contido da moción, tendo en conta os efectos na comarca da situación actual da térmica das Pontes.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

D. Andrés Pérez Pérez, portavoz do Grupo Municipal do PP di que van apoiar a moción e amosan o seu apoio ás distintas mobilizacións.

D. Luis Pena Mosquera, portavoz do Grupo Municipal do BNG di que o texto da moción debería recoller a afectación da situación na economía de Pontedeume.

O Sr. Fernández Piñeiro apunta que o que propón o Sr. Pena Mosquera consta na exposición de motivos.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a **URXENCIA**, quedando **RATIFICADA** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes a **URXENCIA, COA INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA DA SESIÓN.**



De seguido, sométese a votación a moción, quedando adoptado por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o seguinte **ACORDO**:

1. Requirir da Xunta de Galicia a adopción dos mecanismos precisos para apoiar e facilitar a transición da central Térmica de As Pontes, coa finalidade de que a mesma cumpra cos requisitos necesarios para formar parte do circuíto de economía circular, a través do cambio de combustibles fósiles, por calquera tipo de materiais de residuo (dende biomasa forestal, lodos, etc.), compensando deste xeito as emisións de CO2.

2. Requirir á Xunta de Galicia para que, seguindo o modelo de actuación, por exemplo, da Comunidade Autónoma de Aragón para as comarcas mineiras, elabore e dote economicamente un plan para a reactivación económica e social de Cerceda que minimize o impacto do peche da central térmica decidido por NATURGY e impulse e xenere un entorno favorable para novos investimentos.

3. Solicitar ó Goberno do Estado a retirada, de xeito transitorio, do imposto de hidrocarburos á produción eléctrica ("céntimo verde") respecto da xeración de carbón, para garantir por esta vía a neutralidade tecnolóxica.

4. Solicitar ó Goberno do Estado a creación dunha mesa de traballo para o estudo de mecanismos de compensación de pagos por capacidade pola dispoñibilidade para cubrir a demanda nas horas de maior consumo do sistema eléctrico.

5. Solicitar á Unión Europea que adopte cantas medidas sexan precisas para evitar especulacións no mercado de emisións de CO2 por parte de inversores alleos á produción enerxética.

6. Solicitar á Unión Europea que adopte as medidas necesarias para que as centrais térmicas que, como a de As Pontes, cumpren coa normativa medioambiental mais esixente, poidan continuar coa produción de enerxía eléctrica.

7- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que de seguido se transcribe:

“DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 26/09/2019

(Expediente TEDeC: 2019/G006/000136)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **459.2019** de 19 de xullo ao **582.2019** de 20 de setembro, ambos os dous incluídos, os seguintes:

| Nº de Expediente | Asunto | Nº Decreto | Fecha Firma |
|----------------------|--|------------|---------------------|
| 2019/G003/0004 66 | LIQUIDACION TAXA INSTALACIÓN CASETA SOCORRISMO NA PRAIA DE VER | 00459/2019 | 19-07-2019 14:49 |
| 2019/G003/0005 21 | RESOLUCIÓN LISTA PROVISIONAL E DEFINITIVA ADMITIDOS - EXCLUIDOS, CONVOCATORIA PERSOAL OFICINA DE TURISMO. PROGRAMA DP0029/2019 | 00460/2019 | 19-07-2019 14:55 |

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| | | | |
|----------------------|--|------------|---------------------|
| 2019/G003/0005 23 | CONTA XUSTIFICATIVA AXUDAS EMERXENCIA SOCIAL | 00461/2019 | 19-07-2019 14:57 |
| 2019/G003/0005 26 | EXPEDIENTE DE APROBACIÓN CALENDARIO PARA A REALIZACIÓNDOS TALLERES CULTURAI S CURSO 2019/2020 | 00462/2019 | 19-07-2019 14:58 |
| 2019/G003/0005 27 | CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 24.07.2019 | 00463/2019 | 19-07-2019 15:22 |
| 2019/G003/0005 30 | NOMEAMENTO DO TRIBUNAL (3ª convocatoria) PARA A SELECCIÓN DE 6 POSTOS DE SOCORRISTAS. ANO 2019 | 00464/2019 | 22-07-2019 14:17 |
| 2019/G003/0003 99 | TAXA POR OCUPACIÓN POSTOS DE MERCADO PROVISIONAL MUNICIPAL, EXERCICIO 2015 | 00465/2019 | 22-07-2019 11:27 |
| 2019/G003/0004 05 | TAXA POR OCUPACIÓN POSTOS DE MERCADO PROVISIONAL MUNICIPAL, EXERCICIO 2016 | 00466/2019 | 22-07-2019 11:27 |
| 2019/G003/0004 11 | TAXA POR OCUPACIÓN POSTOS DE MERCADO PROVISIONAL MUNICIPAL, EXERCICIO 2017 | 00467/2019 | 22-07-2019 11:27 |
| 2019/G003/0004 13 | TAXA POR OCUPACIÓN POSTOS DE MERCADO PROVISIONAL MUNICIPAL, EXERCICIO 2018 | 00468/2019 | 22-07-2019 11:27 |
| 2019/G003/0004 80 | RESOLUCIÓN ESTIMATORIA DE ALEGACIÓNS EN EXP. SANCIONADOR DE TRÁFICO DR (2478/2019) | 00469/2019 | 22-07-2019 11:27 |
| 2019/G003/0005 29 | RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 459/2019 DO 19 DE XULLO DE 2019 (Expte. 2019/G003/000466) | 00470/2019 | 23-07-2019 10:07 |
| 2019/G003/0005 33 | NOMEAMENTO PERSOAL SALVAMENTO E SOCORRISMO ANO 2019. | 00471/2019 | 23-07-2019 14:45 |
| 2019/G003/0005 31 | SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE AXUDAS DESTINADAS ÁS ENTIDADES LOCAIS RESPONSABLES DE SISTEMAS DE ABASTECIMENTO Á POBOACIÓN PARA A REDACCIÓN DE PLANS DE EMERXENCIA ANTE SITUACIÓNS DE SECA PARA O ANO 2019 | 00472/2019 | 24-07-2019 10:36 |
| 2019/G003/0005 32 | Rectificación erros nas listas provisionais de admitidas/os, excluídas/os e lista de espera na Escola Infantil Municipal "Chalé Rosa" Curso 2019/2020 | 00473/2019 | 24-07-2019 10:36 |
| 2019/G003/0005 14 | REINTEGRO DE PAGO | 00474/2019 | 26-07-2019 10:21 |
| 2019/G003/0005 34 | EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO CALENDARIO DO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN "MADRUGADORES" PARA O CURSO ESCOLAR 2019/2020 | 00475/2019 | 26-07-2019 10:21 |



| | | | |
|----------------------|--|------------|---------------------|
| 2019/G003/0005 24 | RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE ALEGACIÓNS EN EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO R. 2528/2019 | 00476/2019 | 26-07-2019 13:55 |
| 2019/G003/0005 25 | DECRETO DE INICIO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO 2019_8º (AI 9950000018242) | 00477/2019 | 26-07-2019 13:55 |
| 2019/G003/0005 38 | RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS DO PADRÓN DE HABITANTES NO MES DE XUÑO 2019. | 00478/2019 | 26-07-2019 13:55 |
| 2019/G003/0005 28 | CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA PISTA DE PÁDEL E BALONCESTO 3x3 Expte. 2019/C002/000009 | 00479/2019 | 26-07-2019 10:21 |
| 2019/G003/0005 04 | LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA | 00480/2019 | 29-07-2019 13:52 |
| 2019/G003/0005 35 | INCOACCIÓN DE PROCEDEMENTO PARA A PARALIZACIÓN DA EXECUCIÓN DA OBRA RENOVACIÓN DE TUBAXES NA REDE XEREAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE EN NOGUEIROSA (Convenio 28/2018 - Deputación provincial da coruña) EXPTE. 2018/C003/000007 | 00481/2019 | 29-07-2019 13:52 |
| 2019/G003/0005 36 | INCOACCIÓN DE PROCEDEMENTO PARA A PARALIZACIÓN DA EXECUCIÓN DA OBRA REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA INFANTIL EN NOGUEIROSA (POS+ 2018) EXPTE. 2018/C003/000008 | 00482/2019 | 29-07-2019 13:52 |
| 2019/G003/0005 41 | SEGURIDADE SOCIAL XUÑO 2019 | 00483/2019 | 30-07-2019 15:02 |
| 2019/G003/0005 11 | LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA | 00484/2019 | 30-07-2019 15:02 |
| 2019/G003/0005 01 | COMUNICACION PREVIA DE OBRA PARA CAMBIO DE CUBERTA EN FIGUEIRIDO | 00485/2019 | 31-07-2019 09:47 |
| 2019/G003/0005 44 | RELACION DE FACTURAS F/2019/17 | 00486/2019 | 31-07-2019 13:05 |
| 2019/G003/0005 49 | DE DELEGACIÓN CASAMENTO CIVIL O 3/08/2019 EN D. JOSÉ SIMOES COUCEIRO | 00487/2019 | 31-07-2019 14:14 |
| 2019/G003/0005 00 | LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA | 00488/2019 | 31-07-2019 14:52 |
| 2019/G003/0005 51 | NÓMINA MES DE XUÑO 2019 CONCELLEIROS CON DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS | 00489/2019 | 31-07-2019 14:44 |
| 2019/G003/0005 52 | APROBACIÓN NÓMINA MES XULLO 2019. | 00490/2019 | 31-07-2019 14:44 |
| 2019/G003/0005 39 | EXPEDIENTE DE aprobación de novas altas e ampliación de participación no Campamento Urbano Rueir@s de verán2019 | 00491/2019 | 01-08-2019 08:57 |
| 2019/G003/0005 | INCIDENCIAS NÓMINA MES XULLO 2019. | 00492/2019 | 01-08-2019 |

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| | | | |
|----------------------|--|------------|---------------------|
| 48 | | | 10:22 |
| 2019/G003/0005 53 | PRÓRROGA NOMEAMENTO FUNCIONARIO INTERINO, DINAMIZADOR DIXITAL, ...//.... | 00493/2019 | 01-08-2019 14:54 |
| 2019/G003/0005 56 | NOMEAMENTO DE D. ...//..., COMO TÉCNICO DE TURISMO. | 00494/2019 | 01-08-2019 14:54 |
| 2019/G003/0005 45 | PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA) | 00495/2019 | 02-08-2019 11:05 |
| 2019/G003/0005 47 | PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA) | 00496/2019 | 02-08-2019 11:06 |
| 2019/G003/0005 58 | INICIO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN OBRA REPOSICIÓN DE VIAIS NA URBANIZACION OLMO (MT300A). EXPTE 2019/CO03/000004 | 00497/2019 | 05-08-2019 10:57 |
| 2019/G003/0005 42 | PAGO INTERESES E COSTAS PROCEDEMENTO ABREVIADO 0000170/2017, EXECUCIÓN DEFINITIVA 0000002/2019, S.M.S.S. | 00498/2019 | 05-08-2019 12:30 |
| 2019/G003/0005 46 | CERTIFICACION Nº5 Y FINAL APARCAMIENTO AL AIRE LIBRE A PIA, PONTEDEUME | 00499/2019 | 05-08-2019 14:20 |
| 2019/G003/0004 56 | FACTURA CORRESPONDIENTE A CERTIFICACION Nº2 DE LA OBRA "ADECUACIÓN E MELLORA DE PAVIMENTOS EN ESTEIRO. CODIGO DA OBRA 20 | 00500/2019 | 05-08-2019 14:20 |
| 2019/G003/0005 61 | TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE | 00501/2019 | 05-08-2019 14:21 |
| 2019/G003/0005 17 | SUBSTITUCIÓN POR VACACIÓNS DE D...//..., PEÓN SERVIZO LIMPEZA VÍAS PÚBLICAS. | 00502/2019 | 05-08-2019 14:23 |
| 2019/G003/0004 45 | XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA B DECOLECCIÓNS BIBLIOGRÁFICAS. ANO 2.019. | 00503/2019 | 05-08-2019 15:02 |
| 2019/G003/0005 37 | PADRÓNS SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA, XUÑO 2019 | 00504/2019 | 06-08-2019 14:01 |
| 2019/G003/0005 59 | PADRÓN ENTRADA VEHÍCULOS, EXERCICIO 2019 | 00505/2019 | 06-08-2019 14:03 |
| 2019/G003/0005 54 | AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL | 00506/2019 | 06-08-2019 14:01 |
| 2019/G003/0005 57 | APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 E Nº 2 DA OBRA -REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA INFANTIL DE NOGUEIROSA. POS+2018. | 00507/2019 | 06-08-2019 14:03 |
| 2019/G003/0005 63 | RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 424/2019 DO 05.07.2019 DE CONCESIÓN DE LICENZA DE OBRAS PARA CONSERVACIÓN / | 00508/2019 | 07-08-2019 14:18 |



| | | | |
|----------------------|---|------------|---------------------|
| | REHABILITACIÓN DE GALERÍA EN ESTEIRO, 28 (Expte 2018/U022/000027) | | |
| 2019/G003/0005 65 | CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 08.08.2019 | 00509/2019 | 07-08-2019 14:53 |
| 2019/G003/0005 66 | MODIFICACIÓN OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARCIAL 1 | 00510/2019 | 08-08-2019 12:05 |
| 2019/G003/0005 67 | NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL A ...//..., DENDE O 8 AO 23 DE AGOSTO DE 2019 | 00511/2019 | 08-08-2019 12:05 |
| 2019/G003/0005 68 | BASES DE SELECCIÓN DUN/HA ADMINISTRATIVO/A FUNCIONARIO/A INTERINO/A DA ÁREA DE TESOURERÍA, ATA A COBERTURA DEFINITIVA DA PRAZA VACANTE. | 00512/2019 | 08-08-2019 12:05 |
| 2019/G003/0005 55 | Expediente Programa Imaxina Pontedeume | 00513/2019 | 08-08-2019 19:13 |
| 2019/G003/0005 64 | RECTIFICACIÓN RESOLUCIÓN PAGO SEGUROS SOCIAIS MAIO/2019. | 00514/2019 | 08-08-2019 19:13 |
| 2019/G003/0005 72 | CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DIRECCIÓN DE OBRA ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA INFANTIL CHALÉ ROSA E CONSTRUCCIÓN DE NOVO AULARIO Expte. 2019/C002/000015 | 00515/2019 | 08-08-2019 19:01 |
| 2019/G003/0005 70 | CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN DE OBRA ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA INFANTIL CHALÉ ROSA E CONSTRUCCIÓN DE NOVO AULARIO Expte. 2019/C002/000016 | 00516/2019 | 08-08-2019 19:00 |
| 2019/G003/0005 69 | CONCESIÓN PERMISO POR ASUNTOS PROPIOS Á FUNCIONARIA ...//... | 00517/2019 | 08-08-2019 19:00 |
| 2019/G003/0005 60 | NOMEAMENTO SECRETARÍA ACCIDENTAL AGOSTO 2019 | 00518/2019 | 08-08-2019 19:00 |
| 2019/G003/0005 73 | DELEGACIÓN DE FUNCÍONS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA. PERIODO: Do 12 ao 27 de agosto de 2019. | 00519/2019 | 09-08-2019 13:41 |
| 2019/G003/0005 77 | CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DE OBRA " ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA INFANTIL "CHALÉ ROSA" E CONSTRUCCIÓN DE NOVO AULARIO" EXPTE 2019/C002/000017 | 00520/2019 | 12-08-2019 13:47 |
| 2019/G003/0005 76 | APROBACIÓN DAS LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDAS/OS, AS RESERVAS DE PRAZA DE ALUMNAS/OS DE ANOS ANTERIORES E LISTAS DE ESPERA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL (EIM) "CHALÉ ROSA" DE PONTEDEUME, CURSO 2019/2020. | 00521/2019 | 12-08-2019 14:58 |
| 2019/G003/0005 50 | XUSTIFICACIÓN DO PERSOAL DINAMIZADOR DO PLAN DE INCLUSIÓN DIXITAL DO 2º TRIMESTRE 2019 | 00522/2019 | 13-08-2019 11:19 |
| 2019/G003/0005 | AUTORIZACIÓN GASTO, APROBACIÓN PREGO E | 00523/2019 | 13-08-2019 |

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| | | | |
|----------------------|---|------------|---------------------|
| 81 | DESIGNACIÓN MESA CONTRATACIÓN PARA OBRA REPOSICIÓN DE VIAIS NA URBANIZACIÓN OLMO (Creación e mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 50.000 habitantes para o ano 2019 (MT 300A) - Xunta de Galicia). Expte 2019/C003/000004 | | 14:24 |
| 2019/G003/0005 75 | Expediente de aprobación de novas altas e ampliación de participación no campamento urbano Rueir@s de verán 2019 | 00524/2019 | 14-08-2019 13:01 |
| 2019/G003/0005 82 | AUTORIZACIÓN CAMBIO DE VEHÍCULO TAXI LICENZA Nº 19 | 00525/2019 | 14-08-2019 14:01 |
| 2019/G003/0005 80 | AUTORIZACIÓN CAMBIO DE VEHÍCULO TAXI LICENZA MUNICIPAL Nº14 | 00526/2019 | 14-08-2019 13:59 |
| 2019/G003/0005 84 | BASES PROCESO DE SELECCIÓN AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA O DEPARTAMENTO DE URBANISMO | 00527/2019 | 16-08-2019 11:29 |
| 2019/G003/0005 78 | DECRETO DE INICIO PROCEDIMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO 2019_9º (AI 99500000018414) | 00528/2019 | 16-08-2019 11:32 |
| 2019/G003/0005 90 | ESTABLECEMENTO DO RÉXIME DE VISITAS PÚBLICAS GRATUÍTAS AO CASTELO DE ANDRADE E A TORRE DOS ANDRADE | 00529/2019 | 16-08-2019 14:32 |
| 2019/G003/0005 87 | NOMEAMENTO TESOUREIRA, PROVISIÓN POLO SISTEMA DE ACUMULACIÓN, DE ...//... | 00530/2019 | 16-08-2019 14:31 |
| 2019/G003/0005 91 | NOMEAMENTO ACCIDETAL DE OFICIAL-XEFE DE POLICIA LOCAL AO AXENTE DON ...//.... | 00531/2019 | 16-08-2019 15:13 |
| 2019/G003/0005 92 | CONVENIO DE COLABORACION ACTIVIDADES FIRRETE 2019 | 00532/2019 | 19-08-2019 12:58 |
| 2019/G003/0005 83 | AUTORIZACIÓN GASTO, APROBACIÓN PREGO E DESIGNACIÓN MESA CONTRATACIÓN PARA GRADERÍO EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL (POS 2016) Expte. 2016/C003/000003 | 00533/2019 | 19-08-2019 14:27 |
| 2019/G003/0005 93 | MODELO 111 IRPF XULLO 2019 | 00534/2019 | 20-08-2019 10:36 |
| 2019/G003/0005 89 | PRORROGA CONTRATACIÓN DE ...//..., PARA SUSTITUCIÓN POR DISFRUTE VACACIONAL DE DON JUAN RAMÓN PLACER SANDE. | 00535/2019 | 20-08-2019 13:52 |
| 2019/G003/0005 95 | APROBACIÓN DE SELO ELECTRÓNICO DE ÓRGANO E REGULACIÓN DE ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS AUTOMATIZADAS NO CONCELLO DE PONTEDEUME. | 00536/2019 | 21-08-2019 09:25 |



| | | | |
|----------------------|---|------------|---------------------|
| 2019/G003/0005 96 | AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS PARA A CELEBRACIÓN DE CASAMENTO CIVIL O 23.08.2019 | 00537/2019 | 21-08-2019 11:05 |
| 2019/G003/0005 97 | Bases reguladoras de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar. Curso Escolar 2019-2020. Segundo ciclo de Educación Infantil, Primaria e ESO do Concello de Pontedeume | 00538/2019 | 21-08-2019 11:15 |
| 2019/G003/0005 98 | Bases de convocatoria para entidades colaboradoras (librarías, papelerías e empresas do sector) | 00539/2019 | 21-08-2019 14:08 |
| 2019/G003/0005 86 | AUTORIZACIÓN GASTO, APROBACIÓN PREGO E DESIGNACIÓN MESA CONTRATACIÓN PARA OBRA SUBSTITUCIÓN DE TUBAXES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA AVDA DE FERROL (POS+ 2018). EXPTE 2019/C003/000001 | 00540/2019 | 22-08-2019 12:55 |
| 2019/G003/0005 85 | AUTORIZACIÓN GASTO, APROBACIÓN PREGO E DESIGNACIÓN MESA CONTRATACIÓN PARA OBRA CUBERTA EN PARQUE INFANTIL E BIOSALUDABLE (PMA Adicional 2016). EXPTE 2019/C003/000002 | 00541/2019 | 22-08-2019 12:55 |
| 2019/G003/0005 99 | CONVENIO DE COLABORACION ACTIVIDADES FIRRETE 2019. PAGAMENTO 90% | 00542/2019 | 23-08-2019 12:53 |
| 2019/G003/0006 01 | PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA) | 00543/2019 | 26-08-2019 12:11 |
| 2019/G003/0006 02 | PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA) | 00544/2019 | 26-08-2019 12:11 |
| 2019/G003/0006 03 | DECRETO DE INICIO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO 2019_10º (AI 99500000018486) | 00545/2019 | 26-08-2019 14:46 |
| 2019/G003/0005 79 | APROBACIÓN DO PAGAMENTO DO PREMIO DO "XXIX CONCURSO DE CONTOS VILA DE PONTEDEUME" | 00546/2019 | 26-08-2019 14:47 |
| 2019/G003/0006 00 | DECRETO INSCRIPCIÓN AGOSTO ACTIVIDADES DEPOORTIVAS DE VERAN 2019 | 00547/2019 | 27-08-2019 14:02 |
| 2019/G003/0006 05 | NÓMINA INCIDENCIAS PERSOAL MES DE AGOSTO DE 2019 | 00548/2019 | 29-08-2019 14:19 |
| 2019/G003/0006 08 | APROBACIÓN NÓMINA AGOSTO 2019 | 00549/2019 | 29-08-2019 14:21 |
| 2019/G003/0006 09 | APROBACIÓN GASTO DA SEGURIDADE SOCIAL MES DE XULLO | 00550/2019 | 30-08-2019 10:10 |
| 2019/G003/0006 10 | RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO DECRETO 418/2019 DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL (Expediente n.º2019/G003/000479). | 00551/2019 | 30-08-2019 12:55 |
| 2019/G003/0006 07 | AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL | 00552/2019 | 02-09-2019 10:16 |
| 2019/G003/0006 11 | RELACION DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS DO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE XULLO 2019 | 00553/2019 | 30-08-2019 12:55 |
| 2019/G003/0006 | RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS DO | 00554/2019 | 02-09-2019 |

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| | | | |
|----------------------|---|------------|---------------------|
| 13 | PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE AGOSTO 2019 | | 16:58 |
| 2019/G003/0005 62 | LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓ DE LICENZA URBANÍSTICA | 00555/2019 | 02-09-2019 16:58 |
| 2019/G003/0006 14 | TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE | 00556/2019 | 03-09-2019 14:36 |
| 2019/G003/0006 16 | RENUNCIA E ADXUDICACIÓN DE NOVA PRAZA, LISTA DE ESPERA, PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "CHALÉ ROSA" DE PONTEDEUME. CURSO 2019-2020 | 00557/2019 | 04-09-2019 09:58 |
| 2019/G003/0006 12 | CONVENIO COLABORACION POLICIA LOCAL, CONCELLO DE PONTEDEUME-CONCELLO DE CAMBRE, FESTAS PATRONAIS 2019 | 00558/2019 | 04-09-2019 09:58 |
| 2019/G003/0006 17 | CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 05.09.2019 | 00559/2019 | 04-09-2019 13:53 |
| 2019/G003/0006 18 | RECTIFICACIÓN CONVENIO DE COLBATORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEDEUME E O CONCELLO DE CAMBRE PARA REFORZO DO SERVICIO DE POLICIA LOCAL. | 00560/2019 | 05-09-2019 11:48 |
| 2019/G003/0006 22 | CONCESIÓN DE LICENZA DE ACTIVIDADE PARA A REALIZACIÓN DA FESTAS DAS PERAS 2019 | 00561/2019 | 06-09-2019 10:55 |
| 2019/G003/0006 20 | APROBACIÓN LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO 2020.- | 00562/2019 | 06-09-2019 10:55 |
| 2019/G003/0006 24 | RENUNCIA E ADXUDICACIÓN DE NOVA PRAZA LISTA DE ESPERA PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "CHALÉ ROSA" . CURSO 2019/2020 | 00563/2019 | 06-09-2019 13:21 |
| 2019/G003/0006 21 | RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/18 | 00564/2019 | 09-09-2019 11:43 |
| 2019/G003/0006 29 | NOMEAMENTO DE ...//... COMO VOGAL DE MESAS DE CONTRATACIÓN, COMO RESPONSABLE DO CONTRATO, DIRECTORA DE OBRA E DIRECTORA DE EXECUCIÓN SUBSTITUTA EN EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE OBRAS | 00565/2019 | 11-09-2019 15:27 |
| 2019/G003/0006 31 | EXPEDIENTE DE DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DA ALCALDÍA. PERIODO: Do 13.09.2019 ao 24.09.2019 | 00566/2019 | 13-09-2019 11:54 |
| 2019/G003/0006 32 | MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 18, TC5.- | 00567/2019 | 13-09-2019 17:47 |
| 2019/G003/0006 25 | APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 31 FINAL DA OBRA DE REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL | 00568/2019 | 18-09-2019 12:53 |
| 2019/G003/0006 | SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA | 00569/2019 | 18-09-2019 |



| | | | |
|----------------------|---|------------|---------------------|
| 36 | PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO DE 23.09.2019 | | 13:57 |
| 2019/G003/0006 37 | APROBACIÓN CALENDARIO EDM INVERNO 2019/20 | 00570/2019 | 18-09-2019 20:36 |
| 2019/G003/0006 28 | APORTACION ECONOMICA DO CONCELLO NO SERVIZO DE XANTAR NA CASA DOS MESES ENERO, FEBREIRO E MARZO 2019 | 00571/2019 | 19-09-2019 12:38 |
| 2019/G003/0006 35 | TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE | 00572/2019 | 19-09-2019 12:38 |
| 2019/G003/0006 30 | NOTIFICACION DE LIQUIDACION IBI E ANUNCIOS NO BOP | 00573/2019 | 19-09-2019 12:38 |
| 2019/G003/0006 44 | APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/19 | 00574/2019 | 20-09-2019 09:50 |
| 2019/G003/0006 27 | PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA) | 00575/2019 | 20-09-2019 09:50 |
| 2019/G003/0006 48 | AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS PARA A CELEBRACIÓN DE CASAMENTO CIVIL O 21.09.2019 | 00576/2019 | 20-09-2019 11:09 |
| 2019/G003/0006 42 | MODELO 111 IRPF, AGOSTO 2019 | 00577/2019 | 20-09-2019 11:48 |
| 2019/G003/0006 19 | EXPEDIENTE SANCIONADOR DE MULTAS DE TRÁFICO RESOLUCIÓN SANCIONADORA (ART. 11.1 LSV) DR 99500000018571 | 00578/2019 | 20-09-2019 13:14 |
| 2019/G003/0006 46 | PRORROGA VIXENCIA LISTAS SUSTITUCIÓN POR PERSOAL LABORAL NON PERMANENTE, PEÓN/LIMPADOR/A. | 00579/2019 | 20-09-2019 14:05 |
| 2019/G003/0006 45 | PRORROGA LISTAS SUSTITUCIÓNS POR PERSOAL LABORAL NON PERMANENTE, DE CONDUTOR | 00580/2019 | 20-09-2019 14:01 |
| 2019/G003/0006 39 | DECRETO DE INICIO PROCEDIMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO 2019_11º (AI 99500000018631) | 00581/2019 | 20-09-2019 13:16 |
| 2019/G003/0006 33 | CONTRATACIÓN SUBSTITUCIÓN PERÍODO VACACIONAL DE ...//... | 00582/2019 | 20-09-2019 14:33 |

Documento asinado dixitalmente asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde en funcións, D. José Simoes Couceiro (Delegación conferida por Decreto 566.2019 de 13 de setembro), en Pontedeume, a luns 23 de setembro de 2019."

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

O portavoz do PP formula os seguintes **ROGOS:**

1. Rogamos que coloquen unha placa na rúa Camiño Estreito.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. Rogamos que habiliten os baños públicos do Torreón para o seu uso polas persoas que van ao "Xardín" (maiores e nenos/as)
3. Rogamos que poden as árbores do Centro de Saúde; así como tamén as do Peirao.
4. Rogamos que arranxen a problemática coas beirarrúas en Boebre, á altura do nº 128, rogo xa presentado no mes de marzo.

E as seguintes **PREGUNTAS**:

1.-En que situación se atopan as obras da escola de Nogueirosa?

D. Daniel Ríos Fernández, concelleiro de Vías e Obras explica que houbo que facer un modificado do proxecto, que ten que vir a Pleno e logo ser aprobado polo Pleno da Deputación.

2.- No mes de maio dicían en prensa que estaban rematadas as obras do aparcadoiro na parroquia de Andrade, observamos que hai uns espazos sen cubrir, cal é a causa?

O Sr. Alcalde-Presidente di que se trata dunha obra da Asociación de Veciños, que a parte do Concello xa está rematada hai un par de semanas.

3.- Na zona de Castrelo comunicánnos que o camiño que parte da zona de Miño atopase en bo estado, non así o tramo de Ponte deume para cando teñen prevista a seu amaño ?

D. Daniel Ríos Fernández di que se fixo un rebacheo a principios de ano e que agora se encargou o proxecto para o aglomerado. Estase mirando se é asumible facer todo ou por fases.

4.- Para cando teñen prevista a apertura da Praza de abastos?

Dna. Ángela Piñeiro Carrera, concelleira de Comercio di que non hai data concreta. Informa que o 11 de outubro se prevé a celebración dun pleno extraordinario para a aprobación do regulamento e da ordenanza fiscal. A partir de aí terá lugar o proceso para a concesión dos postos cara a apertura, coa oportuna promoción.

O Sr. Pérez pregunta se se prevé para este ano.

A Sra. Piñeiro Carrera di que vai depender tamén das alegacións que se presenten.

O Sr. Pérez pregunta pola partida orzamentaria para as actividades de promoción e en que consiste.

5.- No seu programa do 2015 levaban a regulación de terrazas catro anos despois seguimos sen ela, en que estado se atopa?

Dna. Yolanda Vázquez Busto, concelleira de Turismo di que no mandado anterior se fixo un estudo coas características das rúas e outros factores. Indica que ese estudo está en mans do



departamento de urbanismo, á espera de que se solucione a problemática de persoal do departamento.

6.- Os peregrinos están a chamar ao telefono que está habilitado para o albergue e moitos deles dinnos que non está a funcionar. Que pasa con ese teléfono?

Dna. Yolanda Vázquez Busto, indica que o teléfono está operativo e publicitado, sendo o da oficina de Turismo. Di que non teñen coñecemento de queixa algunha.

O Sr. Alcalde di que na páxina web do Concello está posta a información da oficina de Turismo, se ben podería ser que noutras web turísticas houbera outros datos.

7.- Estamos a ver estes días unha varredora nova polo pobo. Adquiriuna o Concello?. Se non é así, quen a xestiona i cal é o seu custo?

D. José Simoes Couceiro, concelleiro de Servizos explica que se trata dunha máquina en probas que cedeu unha empresa e que s utilizou nas festas das Peras. Di que se está a valorar se se aluga ou se se compra.

O Sr. Fernández Piñeiro apunta a que na actualidade, a máquina que hai é unha fregadora, que tamén está en probas.

8.-Cal é a situación da piscina municipal a día de hoxe.

D. Joshua Dopico López, concelleiro de Deportes indica que o servizo estase a prestar e que se están redactando os pregos.

9.- Que medidas tomaron para dar cós responsables que abandonan restos no lugar do Monte na parroquia de Andrade?

O Sr. Simoes Couceiro indica que contan coa colaboración cidadá, co Seprona e coa Garda Civil.

10.- Que pasos están a dar para regularizar o tema das prazas municipais e ata cando temos de prazo para facelo ?

D. José Simoes Couceiro di que, tal e como se explicou nunha Xunta de Portavoces o Concello está a elaborar un plan de organización de recursos humanos. Di que, unha vez que a empresa presente o plan, ao mellor en novembro, tratarase de dar unha posible solución a este tema, celebraranse as mesas de negociación oportunas...

De seguido, o portavoz do Grupo Municipal do BNG plantexa os seguintes **ROGOS**:

1. Limpar o vial de Andrade que vai dende O Barreiro ata a Regueira. E a estrada dende a Igrexa de Andrade ata o Cafe-Bar Júpiter.
2. Fixen os contenedores que están en Campolongo cerca do Camiño Vello
3. Coloquen no Camiño Vello uns badéns para reducir a velocidade no Camiño Vello.
4. Que se poña un contedor de pilas na rúa.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Indícase que cando houbo un na rúa, aparecían as pilas tiradas.

5. Que se arranxen os cables eléctricos na contorna do desguace, na nacional.

E formula as seguintes **PREGUNTAS**:

1. FEIRÓN Despois de 4 anos de promesas ¿quen redactou o Plan de Dinamización do Feirón? Cando podemos acceder ao borrador?

Dna. Yolanda Vázquez Busto di que, tal e como xa se dixo no mandato anterior, produciuse un contacto coas cooperativas e artesáns, que condicionaban a súa resposta á apertura do mercado. Indica que se está a traballar na campaña de promoción.

O Sr. Pena Mosquera di que se non sería bo telo antes.

Dna. Yolanda Vázquez Busto di que hai un documento escrito que recolle o traballo feito.

2. PISCINA Cando se nos vai amosar o borrador de licitación da piscina ? Onde está o informe sobre a situación das instalacións da piscina ? Por que non se amosa ??

D. Joshua Dopico López di que se están elaborando os pregos e que o informe está no expediente.

3. MERCADO Esta alcaldía, presidida polo Sr Fernández negouse e segue a negarse a realizar una consulta pública das bases para a adxudicación do mercado. ¿por que o Alcalde non quere recibir as suxerencias da cidadanía nun tema tan importante para a nosa vila ?

O Sr. Alcalde di que as bases e pregos non se someten a consulta pública e que se cumpre coa lexislación vixente.

Por cuestións de orde, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e tres minutos do expresado día.

Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.

